

CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2024 FINANCIADO CON BAIXAS POR ANULACIÓNS
MEMORIA DA CONCELLEIRA DE FACENDA
EXPEDIENTE: 11546/2024

ANTECEDENTES

O 23.05.2024 a Consellería de Economía e Industria concedeulle a este Concello unha subvención para as o proxecto de “Mellora da mobilidade no Polígono Industrial do Milladoiro” ao abeiro da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 14, do 19.01.2024).

O importe da axuda ascende a 120.000,00€ e o investimento subvencionable ascende a 175.525,02€

Para facer fronte a achega municipal ao proxecto indicado que ascende a 68.025,02€ e que comprende a achega municipal á obra (55.525,02€) mais a dirección de obra e redacción do proxecto (12.500€) , propónse a tramitación dun crédito extraordinario financiado don baixas por anulacións do crédito do proxecto de “Posta en marcha dun transporte Municipal”. O proxecto formaba parte da estratexia EDUSI deste concello pero non se executou a 31.12.2023, polo que o crédito se atopa dispoñible xa que o 20% do importe do proxecto se financiaba con un préstamo.

CONSIDERACIÓN LEGAIS

1 Necesidade e inaprazabilidade dos gastos que se pretendan financiar .

Existe a necesidade de cometer unha nova actuación no Polígono Industrial de Milladoiro . Na actualidade as principais rúas de acceso ao polígono, as rúas das Hedras, da Xesta e das Palmeiras contan con problemas recorrentes no estacionamento dos vehículos. O elevado volume de vehículos que acceden cada día a este polígono sumando á falta de espazo para estacionar, provoca as beirarrúas se atopen ocupadas por coches, dificultando o tránsito peonil.

Ante esta problemática, tendo en consideración o estudo de tráfico e mobilidade do Polígono Industrial de Novo Milladoiro (Ames), redactado en marzo de 2022, propónse a reordenación do tráfico rodado nas citadas rúas deste polígono industrial.O ámbito de actuación conta cunha superficie total de 9.550 m². Para elo, prevese a supresión dun carril de circulación de xeito que estas rúas contén cun único carril de circulación con zonas de estacionamento regulado a ambas marxes.

Neste momento existe financiamento para acometer unha actuación que resulta necesaria no marco da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (DOG núm. 14, do 19.01.2024).

Deste xeito Consellería de Economía e Industria financiaría o 68,36% da actuación sen embargo ao abeiro da convocatoria de axudas as actuacións terían que estar rematadas antes do 31 de outubro de 2024 que é o prazo para presentar a xustificación.

A modificación a efectuar reviste o carácter de crédito extraordinario, ao non existir no orzamento as aplicacións orzamentarias ás que resultan imputables os actuacións plantexadas.

2 Regulación da modificación

De acordo co previsto na Base de execución nº 11, os créditos extraordinarios que se tramiten ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aos artigos 35 a 38 do Decreto 500/1990 do 20 de abril, e ás contempladas na referida base.

Estes tipo de expedientes poderá financiarse:

- Con cargo ao remanente líquido de tesourería.
- Con novos ingresos non previstos inicialmente no orzamento.
- Con maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento. Con recursos procedentes de operacións de crédito para os gastos de investimento.
- *Mediante baixas dos créditos de partidas de gastos non comprometidos, sempre que se estimen reducíbeis sen perturbación do servizo opción escollida neste caso).*

Neste caso o financiamento proposto será a baixa dos créditos de gastos non comprometidos financiados con un préstamo formalizado no ano 2021 (2021/1/DUSI) para o financiamento da actuación de “Posta en marcha dun transporte municipal” dentro da estratexia EDUSI e que non foi posible levar a cabo antes da finalización do período subvencionable.

Polo exposto remítese esta memoria a intervención para informe sendo a modificación proposta a seguinte:

Crédito extraordinario número 1/2024 do orzamento financiado con baixas por anulacións, de acordo co seguinte detalle:

Crédito extraordinario en gastos:

Funcional	Económica	Ano	Tipo	Órgano	Número	Importe
134	60900	2024	2	PROX.	15	68.025,02€

Baixas ou anulacións en gastos

Funcional	Económica	Ano	Tipo	Órgano	Número	Importe
4111	62700	2020	2	OT.04	1	68.025,02€

A presente memoria remítese á intervención municipal para o seu informe.

A Concelleira de Economía e Facenda

Susana Señorís Rodríguez

